



ARTE, HÁBITAT Y TERRITORIO

MONOGRAFÍAS

PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO

M.PHA_002

HÓRREO PAZO DE SOBRÁN

SAN MARTIÑO DE SOBRÁN
VILAXOÁN
VILAGARCÍA DE AROUSA



Texto e Fotografías
Javier Montero Pérez
Planos e debuxos
Iago Fernández Puentes

1. Situación e emprazamento
2. Normativa urbanística
3. Análise tipolóxica e construtiva
4. Estado de Conservación e actuacións necesarias
5. Documentación Gráfica. Reportaxe fotográfica
6. Planos e Debuxos

1. Situación

O hórreo pertence ao conxunto do Pazo de Sobrán, tamén coñecido como Pazo do Lagar, na parroquia de San Martiño de Sobrán, na vila de Vilaxoán do Concello de Vilagarcía. Está situado dentro da finca-xardín de dito pazo.






2. Normativa urbanística e patrimonial

O planeamento municipal de referencia é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cuxo texto refundido foi aprobado definitivamente na data de 4 de febreiro de 2000 (BOP 26 de maio de 200). O Conxunto do Pazo está incluído no Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar (Plano 1-152/26-24) pola súa *“gran relevancia arquitectónica, histórica, artística e tradicional, tanto no seu conxunto como por cadanseu elemento en si mesmo”*. Trátase, por tanto dunha ficha de catalogación xenérica que abrangue o *“pazo, igrexa, cemiterio, cruceiro, cerre, espazos e elementos auxiliares”*.

Pola súa banda, está incluído no inventario da dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental da Xunta de Galicia (ref. 36.590.01.2), en cuxa ficha se especifica que o entorno do pazo está constituído por unha *“finca hacia la parte posterior de 65 ferrados aproximadamente en la que se puede observar un hórreo sobre muretes de piedra y cerramiento de madera pintada de color rojo”*. Aporta tamén unha fotografía do hórreo en bastante bo estado de conservación.



3. Análise tipolóxica e construtiva

Trátase dun hórreo de tipo mixto, pois combina na súa construción a pedra e a madeira. Dentro desta tipoloxía xeral, o estudo máis pormenorizado dos seus elementos construtivos nos permite clasificalo dentro do subtipo que algúns autores denominaron “Mahía”, localizado nunha ampla zona que se estende entre o río Ulla ao Sur e o río Tambre ao norte, chegando polo leste ás terras de Arzúa e Melide.

Non estamos, polo tanto, ante o hórreo máis característico do Salnés, o subtipo denominado “Pontevedra”, senón que se aproxima máis a unha tipoloxía bastante común nas zonas de Catoira, Valga, Padrón e a comarca de Santiago. Como veremos, a súa diferenza máis salientable é o tipo de suspensión, que non é mediante postes, como ocorre coa maior parte dos hórreos do Salnés, senón mediante muretes de pedra chamadas cepas. Coincide, iso si, en que os muros laterais ou costais da cámara son de madeira, mentres que os muros menores ou penais están realizados a base de boa cantería de granito.

Trátase dun hórreo rectangular, de suspensión baixa, cunha cámara longa, estreita e bastante alta, tal como se reflicte no cadro de dimensións que incluímos ao final desta memoria.

A cámara ou graneiro está sustentado mediante un total de 6 cepas, cadansúa formada por dúas pezas de pedra coidadosamente labradas, combinando nos seus perfís as formas cócavas e convexas para outorgarlle unha fasquía campaniforme ou que recorda ao perfil dunha copa. Estas cepas están asentadas sobre zócolos de cachotería de pedra que lle serven de base ou cimento e lle proporcionan a necesaria horizontalidade, absorbendo as pequenas diferenzas de cota do terreo. A distancia entre cada unha das cepas denomínase claro ou pasavento, e teñen unha dimensión que varía entre os 2 m. nos dous extremos e 1,86 m. os claros centrais.

Sobre estas cepas asenta a base ou piso da cámara, formada por tres fileiras de grandes bloques de granito de 23 cm. de espesor, que sobresaen do ancho da cámara constituíndo un voo continuo que cumpre a función de rateira, e dicir, impiden o ascenso dos roedores, do mesmo xeito que as capelas ou tornarratos cando a suspensión é mediante postes ou esteos. Un aspecto salientable é que este voadizo continuo está rebaixado, ao xeito de cornixa invertida, en todo o seu desenvolvemento excepto nas zonas das portas, onde conserva todo o espesor do bloque, suponse que para facilitar a entrada ao graneiro mediante unha escaleira móbil.

A cámara ou graneiro responde, como dixemos, a unha morfoloxía rectangular e alongada, con maior desenvolvemento en altura que en anchura. As súas paredes penais están levantadas mediante sillares de granito coidadosamente traballados para que encaixen perfectamente. O excelente traballo de cantería maniféstase, por exemplo, no xeito de labrar as doelas ou buracos de ventilación: na parte superior de cada un dos sillares se practican dous rebaixes rectangulares con derrame na parte baixa, de maneira que ao colocar enriba o outro sillar quedan unhas aberturas horizontais con máis boca na cara exterior que na cara interior.

O penal sur está construído mediante a superposición dun total de catro sillares, que engarzan con outros para resolver o encontro cos muros costais; estes últimos presentan un só buraco de ventilación por sillar. A diferenza co penal norte é que neste se abre unha porta de madeira.

Os penais rematan nunha peza tallada nun só bloque de forma triangular para se adaptar ao tellado a dúas augas, que comunmente se denomina pinche. Sobre o pinche asentan unhas pezas de pedra talladas na cara superior cunha superficie convexa, que levan o nome de capias ou sobrepenas; do mesmo xeito que noutros exemplos da arquitectura popular, as sobrepenas protexen da chuvia o encontro entre a cuberta e o muro penal.

Sobre as capias dispónse o coroamento: un pináculo ricamente traballado no penal sur e unha cruz no penal norte, da que só se conserva a base e un pequeno anaco do seu brazo vertical.

As paredes costais están divididas en tramos por medio esteos de sección cadrangular, tamén chamadas cambetas, dúas por cada cepa, constituídas por unha soa peza de pedra lisa, sen elementos ornamentais. Nestes pes dereitos practícanse un buratos para encastrar os listóns horizontais de madeira en cuxa cara interna se craban as táboas verticais; os perfís destas están labrados de xeito que deixen estreitas aristas de ventilación chamadas doelas. No segundo tramo do costal que mira ao oeste, se abre unha segunda porta de entrada, similar á practicada no penal sur.

Como a suspensión é bastante baixa o seu acceso facíase por medio dunha escaleira de man, realizada en madeira ou ferro, como a que aínda se conserva na actualidade.

As columnas ou esteos dos costais constitúen a estrutura portante que sustenta a cuberta. Por unha banda, entre cada par de columnas se dispón unha peza de madeira curva transversal a modo de tesoira para soportar o cumio lonxitudinal da cuberta. Unha particularidade deste elemento é que se labra para que asente sobre o esteo e o abrace de xeito que na parte exterior sobresaia unha especie de canzorro moldurado. Por outra banda, lonxitudinalmente cada dúas columnas asentan trabes durmintes que sosteñen o faldón da cuberta e forman o beirado, que non ten demasiado voo.

Temos, pois, unha cuberta con pendente a dúas augas, constituída por unha armazón moi sinxela de madeira formada por un cumio lonxitudinal no que apoian unha sucesión de táboas transversais sobre as que asentan as tellas de cerámica curva. Como sinalamos no parágrafo anterior, para formar o beirado estas táboas asentan sobre as trabes de madeira dispostas ao xeito de lintel entre as columnas; logo colócanse uns taboeiros que ocultan esta trabe para protexer a unión desta cos cangos da cuberta e conferirle un mellor aspecto a todo beirado.

En conclusión: trátase dun dos hórreos máis interesantes do concello de Vilagarcía. Por un lado, está a súa vinculación a un pazo que, aínda que sufriu numerosas transformacións, ten a súa orixe no século XV e representa un dos recursos patrimoniais máis importantes do Salnés (ver anexos). Ademais, o hórreo se conserva

na finca do mesmo, no seu emprazamento orixinal. Pola outra, a súa envergadura e tamaño, a súa tipoloxía, moi pouco común nas terras do Salnés, e a súa calidade constructiva e refinamento artístico, cun extraordinario traballo de cantería, e o feito de que conserva a súa estrutura orixinal, sen que sufrise importantes modificacións, fan deste hórreo un exemplo moi interesante no conxunto da arquitectura popular galega, facéndose moi necesaria a súa preservación e posta en valor.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS. CADRO DE SÍNTESE	
Nome	Hórreo do Pazo de Sobrán
Emprazamento	Finca do Pazo de Sobrán. San Martiño de Sobrán-Vilaxoán (Vilagarcía)
Propiedade	María do Carme Rodríguez Padín
TIPOLOXÍA	
Tipo	Mixto (pedra e madeira)
Subtipo	Mahía
CARACTERÍSTICAS CONSTRUCTIVAS	
Suspensión	Cepas de cantería labradas sobre cimentos de cachotería
Base da cámara	Bloques de granito formando tres fileiras lonxitudinais; cos cantos exteriores rebaixadas formando unha rateira contínua
Paredes penais	Sillares de pedra con doelas (aberturas de ventilación) horizontais
Paredes costais	Lenzos de madeira divididos en 5 tramos por columnas de pedra
Terminais	Pináculo e cruz de pedra; esta última non se conserva
DIMENSIÓNS	
Suspensión (altura cepas)	1,00 m.
Ancho Base	1,95 m.
Espesor Base	23 cm.
GRANEIRO	
Longo	10,90 m.
Ancho	1,46 m.
Alto	2,35 m.
Piares	21x21 cm.
Tramos entre piares	Entre 1,57 m. e 1,91 m.

4. Estado de Conservación e actuacións necesarias

A calidade da pedra do país e o excelente traballo da súa cantería posibilitou que tanto os soportes (cepas), a base da cámara, como as paredes penais e os esteos que dividen en tramos as paredes costais permanezan en moi bo estado de conservación. Sen embargo, se observa algunhas zonas cunha lixeira tendencia a meteorización superficial que podería deberse á acción biolóxica, ao recubrimento anterior con morteiros inaxeitados, á presenza de sales ou a un simple proceso natural da pedra, moi habitual neste tipo de granito moi poroso e cun alto grao de oxidación natural. De calquera xeito, esta meteorización afecta unicamente á capa máis superficial de pezas moi concretas e non se observan fragmentacións ou desprendementos de importancia, polo que non se ve a necesidade da consolidación da súa superficie.

De calquera xeito será necesario limpar e extraer algúns elementos vexetais que enraizaron entre as xuntas e tapar as mesmas con morteiro de cal e area para impedir a penetración de auga. Se evitará, en todo caso, a limpeza da pedra por medios mecánicos inaxeitados e abrasivos, co fin de non agredir a capa superficial da mesma e conservar a súa característica pátina de liques e fungos.

Se conserva o terminal do penal sur (pináculo) pero da cruz que coroaba o penal norte só se conserva a súa base e un anaco do seu brazo vertical; non se acharon restos desta cruz no contorno da finca.

Non acontece o mesmo coa cuberta e as paredes costais de madeira, que presentan un estado de deterioro moi avanzado, facéndose inviable a súa recuperación.

- Paredes costais: tanto os bastidores como as táboas verticais están moi atacadas pola humidade e os fungos, presentando un alto grao de podredume, polo que son totalmente irrecuperables.
- Cuberta: A armazón da cuberta ameaza derrube, debido a escasa sección tanto do cumio como dos cangos e ao seu avanzado estado de deterioro por causa da humidade e dos efectos dos axentes xilófagos, sendo necesaria a substitución destes elementos.

Pódese recuperar en parte as tesoiras transversais sobre as que apoia o cumio, aínda que será necesario acometer inxertos de madeira nova nas súas cabezas xa que estas estiveron á intemperie moito tempo e nalgunhas zonas foron recubertas con morteiro de cemento que precipitou a súa podredume.

En canto á cobertura de tella, valorarase o estado das tellas por se se poden conservar aínda que semella haber abondosas perdas e roturas, polo que o máis seguro e que haxa que incluír todo o tellado novo. De calquera xeito, as tellas serán de cerámica curva, similares en tamaño ás orixinais e colocadas do mesmo xeito, aínda que con ganchos de aceiro inoxidable para evitar desprazamentos e posibles entradas de auga no interior da cámara.

Evitaranse en todo caso o emprego de morteiros de cemento e espumas de poliuretano ou produtos similares para fixar as tellas ou calquera outro elemento.

5. Documentación Gráfica



Vista do hórreo dende a entrada da finca



Vista xeral do hórreo (penal sur e costal oeste)



Vista xeral do costal oeste



Vista do penal sur e costal leste



Costal oeste



Costal leste



Penal sur



Penal norte



Detalle das cepas de suspensión e base da cámara



Detalle dunha das cepas



Detalles da base de pedra da cámara



Sobrepena e terminal en pináculo (penal sur)



Sobrepena e restos do terminal (penal norte)



Detalle abertura de ventilación (doelas)



Detalles do aleiro e paredes costais de táboas verticais sobre bastidores horizontais



Detalles do aleiro e tesoiras que sosteñen o cumio da cuberta



Vistas xerais do interior da cámara









Detalles do interior da cámara





Detalles da armazón de madeira da cuberta





SOLUCIÓN ALERO ACTUAL
MOLDURA MADEIRA E MORTEIRO
OCULTA AS TESTAS DAS TIXEIRAS
GRÁVEMENTE APODRECIDAS

